

O Val Miñor na “Ora Marítima” de Rufius Festus Avienus¹

XOÁN BERNÁRDEZ VILAR

O AUTOR E A OBRA

O 25 de outubro do ano 1488 foron publicadas en Venecia, a cargo de Victor Pisanus e G. Valla, as obras do poeta e político romano *Rufius Festus Avienus*². Un volume que tamén recollía os *Aratea* de Cicerón e de Germánico, así como o *Liber Medicinalis*, de Q. Sereno³.

A importancia desta publicación atópase en que, entre os traballos do autor en primeiro termo indicado figura “*De Ora Maritima⁴ sive de Taurici Ponti Sinu*”; é dicir, “Da Ora Marítima, ou do golfo do Mar Taurico”⁵. Mais o que nel resulta autenticamente transcendental é o feito de que este poema conserva os máis vellos informes históricos, xeográficos, económicos e etnográficos que sobre o occidente europeu se coñecen. De aí a inmortal sona que con el acadou o seu autor e o interese que suscitou entre os investigadores dende o mesmo momento no que foi publicado.

Ocupándonos en primeiro lugar de Avienus –Avieno en romance–, debemos dicir que o que se sabe acerca del é pouco, e un tanto inseguro, xa que resulta bastante difícil distinguilo dos varios autores homónimos que viviron, aproximadamente, no seu mesmo tempo⁶. Aínda así parece razoable aceptar o contido dunha inscrición que se lle atribúe, segundo a cal era descendente de C. Musonius Rufus, importante filósofo estoico de Etruria, patrocinado do emperador Vespasiano (69-79), e amigo do filósofo neopitagórico Apolonio de Tiana, que vivía aínda no reinado de Nerva (96-98). C. Musonius Rufus era fillo, á súa vez, de Caesius Avienus, restablecedor da condución da *Aqua Caesia*.

Rufius Festus Avienus residiu en Roma, tivo coa súa esposa Plácida unha abondosa descendencia e afirma de si mesmo que foi procónsul en dúas ocasións, que os investigadores consensúan que deberon de ser na Acaia, Grecia, e na provincia de África, que se corresponde, aproximadamente, coa actual Tunicia. Pertenceu, pois, a un círculo de aristócratas da vella clase senatorial romana, e literatos, dos que sabemos que tiñan saudade dos vellos costumes, tradicións e relixión. Home culto e afeccionado á poesía, viviu ata finais do século IV dC, sen que poidamos determinar con exactitude o momento no que escribiu a obra da que, se ben que de xeito sumario, nos imos ocupar aquí.

A Ora Marítima é un poema do que nada máis que se conservan 713 versos trímetros iámbicos, algúns deles mesmo incompletos, sendo considerado por algúns coma de carácter didáctico e de escaso valor literario, así como impregnado de talante aristocrático e conservador e, en liñas xerais, cunha grande tendencia ao arcaísmo e ao antigo. Omnipresentes están tamén nel as figuras retóricas da poesía tradicional latina con aliteracións, hipérboles, perífrases, antíteses, metáforas etc. Algo, polo demais, bastante habitual entre os literatos romanos do século IV, sempre á procura de acadar o renacer das vellas formas, cun sentimento nostáxico asociado a certa intención moralizante polo pasado romano.

Unha análise máis repousada, en troques, indica, ademais, a impresionante riqueza do vocabulario por Avieno utilizado, de xeito especial no relacionado cos elementos da natureza, os fenómenos ou os puntos xeográficos, ata o punto de poder referirse a un mesmo varias veces sen se repetir, grazas á utilización nada máis que de sinónimos.

En esencia, a Ora Marítima describe, adobiada nalgúns casos con informes acerca do interior, unha viaxe marítima dende un lugar situado no Océano Atlántico, chamado Promontorio Oestrymnio, ata ese Mar Taurico que figura no título. Lamentablemente, por non estar completo o manuscrito que a contiña, tal viaxe non chega máis que á cidade de Massilia, hoxe Marsella, no sur de Francia.

A súa descrición aporta, e nisto reside a súa auténtica importancia, unha impresionante riqueza de datos, en boa parte completamente descoñecidos. Convén puntualizar, emporiso, que no espazo xeográfico que media entre o promontorio Cynético, lugar que se corresponde co actual Cabo de San Vicente, no sudoeste de Portugal, e a referida Marsella, moitos destes datos, así como a onomástica que recolle, sonnos coñecidos a través doutros autores da antigüidade. Algo que non acontece coa parte situada ao norte dese promontorio, na que non aparecen nome nin lugar facilmente identificables. O cal é un indicio claro da vetusta cronoloxía que lle corresponde a tales informes.

A este respecto é importante que lembremos que o propio Avieno admite, nos versos 9 a 13, terse baseado para elaborar o seu poema no "*estudo de vellas páxinas e na recollida lectura de todos os días da miña vida*", aclarando nos 32 a 50 o nome dalgúns dos autores que utilizou coma fontes, se ben na lectura da Ora detéctanse varios máis que non menciona. Dos primeiros, a non ser algúns que nos resultan absolutamente descoñecidos, podemos dicir que na súa maioría viviron entre os séculos VI e II antes de Cristo. Polo tanto, existe un "*terminus a quo*" a partir do que situar unha boa parte desa información descoñecida que, especialmente cara ao norte do Cabo de San Vicente, aparece na Ora.

Unha grande parte dos analistas entenden que semellantes datos deben de pertencer ao século VI antes de Cristo, con aditamentos posteriores. Mais A. Berthelot chega máis lonxe ao considerar que tamén existen informes datables nada menos que nos séculos XII ao IX antes de Cristo⁷. Agora ben, segundo o noso entender, se na parte máis detallada do poema este fala de Massilia, colonia grega fundada no ano 600 aC, e ignora a existencia de Emporion, hoxe Empuries, que a arqueoloxía sitúa como nacida arredor do ano 575 aC, existe unha grande probabilidade de que a maior parte da información máis primitiva contidana Ora deba de ser situada entre ambas datas, se ben máis próxima á segunda que á primeira, posto que xa describe Massilia como unha cidade próspera.

O MARCO XEOGRÁFICO DA ORA MARÍTIMA

Sabemos pois xa a situación aproximada no tempo do relato marítimo que nos transmite Avieno. Réstanos nada máis que situar no espazo físico os lugares que se atopan antes, é dicir, ao norte do cabo de San Vicente. Como é natural, para conseguir isto debemos de tratar de localizar, como primeira provisión, ese promontorio Oestrymnio do que parte a navegación.

Comecemos, entón, pola descrición que deste nos ofrece a Ora Marítima:

“E aquí xorde o cume dun cabo prominente, na remota antigüidade chamado Oestrymnio. A súa alta e pedroguenta mole vólvese toda ela cara ao entebecido Noto. Ao pédo vértice desta prominencia ábrese o golfo chamado Oestrymnino polos naturais, no que se descubren as illas


Oestrymnidas, vastamente espalladas e ricas en metais de estaño e chumbo”

¿En que lugar, ou lugares, entenden os investigadores que puido estar este notable accidente? Indicámolos sucintamente a continuación:

1. Na área situada entre o sudoeste de Escocia e Irlanda, suxerida por Gilbert Pilot⁹.
2. No cabo Land’s End, no sudoeste de Inglaterra, opinión mantida por Karl Müllenhof (1870), así como por F. Martíns Sarmiento (1896), ou A. Berthelot (1934) e Pere Villalba i Varneda (1986), entre outros moitos.
3. *Na Pointe de Saint Mathieu*, extremo occidental da península de Bretaña, situación que defenden Adolf Schulten (1922) e os seus continuadores J.P. Murphy (1977), José Ribeiro Ferreira (1992), e a grande maioría dos investigadores.
4. No cabo Fisterra, en Galicia, como entenderon Joseph Cornide (1790), Uker (1821), G.F. Unger (1882), Emilio Hübner (1898), Albert Hermann (1931), Antonio García y Bellido (1952), Juan José de Jáuregui (1952) ou Florentino López Cuevillas (1953).
5. No actual cabo de San Vicente, no sur de Portugal, onde o situou en 1923 Antonio Blázquez y Delgado de Aguilera.

Para non alongar en demasía os comentarios non relacionados directamente co tema que nos ocupadigamos que, no que respecta ao primeiro caso, no lugar indicado por Gilbert Pilot, ademais de non existir nel ningún promontorio das características pola Ora Marítima indicadas, tampouco había estaño nin chumbo.

En canto ao Land’s End, o seu máis antigo nome coñecido, que se utilizaba posiblemente xa nos tempos da viaxe de Pytheas, 320 aC, foi o de Belerio. Este accidente, nas proximidades do cal si existe unha considerable riqueza de estaño, acada uns 70 metros de altura, se ben, varios quilómetros cara ao interior hai un outeiro que chega aos 224. Porén o cabo está claramente orientado ao oeste e ao seu pénon se abre ningún golfo cheo de illas. Si existe, mais esta atópase ao seu leste, a fermosa Mounts Bay, na que se pode contemplar a pequena illa de St. Michael’s Mount, que se converte en península no devalo do mar, así como tres ou catro reducidos escollos. Así mesmo, dende o Land’s End é posible albiscar, cara ao oeste-sudoeste, o arquipélago das Scilly, ou Sorlingas, situado a uns 40 quilómetros de distancia, bastante amplo, aínda que carente dos minerais dos que fala o poema e, por suposto, fóra de calquera golfo.



O Cabo Land's End, no extremo occidental da Cornualla, un macizo de granito puro duns 70 m. de altura, dirixido cara ao oeste. A imaxe está tomada dende o norte.


Entender, como fan algúns, que o seno que se abría ao pé do promontorio Oestrymnio, cheo de illas, que describe a Ora, poida corresponderse coas xeografías do Canal da Mancha e do Golfo de Gascuña, a notable distancia do Land's End, aínda que non teñamos en conta as circunstancias das que nos imos ocupar máis adiante, tampouc parece excesivamente razoable.

No terceiro apartado atópase a *Pointe de Saint Mathieu*, extremo occidental da Bretaña, un accidente que tamén se dirixe cara ao poñente, non ao sur, e que aínda que conta con illós e illas nos seus arredores están todas elas situadas ao seu oeste. Ao seu sueste si se atopan os golfos: a rada de Brest e a baía de Douarnenez, se ben son zonas carentes de cantidades mensurables de estaño. O estaño quena Bretaña había no tempo que nos ocupa era traballado nada máis que de xeito artesán, especialmente nas comarcas próximas a Morbihan, tamén no sueste, pero a moita distancia de Saint Mathieu. Segundo Pierre Roland Giot¹⁰, máxima autoridade sobre a prehistoria bretona, a súa auténtica explotación non comezou senón despois da conquista romana. É dicir, despois do ano 56 aC. Por outra banda, a *Pointe de Saint Mathieu*, aínda sendo un accidente importante, para nada encaixa coa descrición que del nos ofrece a Ora Marítima, posto que non acadará máis que uns vinte e cinco metros de altura sobre o nivel do mar. En realidade, non pasade ser o rebordo dunha dilatada chaira litoral. Nunca podería ser descrito como un monte ou altura prominente.



A illa de Saint Michael's Mount, que se converte en península coa marea baixa, na que, segundo afirmou Diodoro Siculo arredor do ano 50 aC, se comerciaba o estaño que entón obtíñan os habitantes do promontorio.

A identificación deste lugar co Promontorio Oestrymnino descansaba, basicamente, no feito de que nel houbo un pobo prehistórico, ata certo punto homónimo co dos Oestrymnios mencionados por Avieno. Este pobo, que Pytheas cara ao ano 320 aC, denomina *timioi ou tidaioi*¹¹; uns douscentos anos despois aparece en Artemíodoro de Éfeso como *ostiones*¹², e máis tarde, cara ao ano 52 aC, Xulio César, que se enfrontara a eles pouco antes, pasa a denominalos *osismios*¹³, mentres que Strabón, no cambio da Era, citaos como *ostimioi*¹⁴. A maior abundamen-



A Pointe de Saint Mathieu, na Bretaña, contemplada dende o sudoeste, é o remate dunha extensa chaira litoral. O tamaño dos edificios e dos vehículos permite establecer a auténtica escala do mesmo. ¿Poderíase definir este lugar como prominencia, ou alta e pedreguenta mole?

to, a mediados do primeiro século dC Pomponio Mela coñéceos por *osismios*¹⁵, e o seu coevo Caio Plinio Secundo como *osismos*¹⁶, mentres que, cen anos máis tarde, Claudio Ptolomeo, recollíaos nos seus escritos baixo a denominación de *sismi*¹⁷. A conclusión que se tira de toda esta información é que, aínda que poidésemos pasar por alto o difícil que resulta identificar fisicamente este accidente co promontorio

Oestrymnio descrito pola Ora, os argumentos filolóxicos tampouco parecen excesivamente convincentes para situar este promontorio en calquera dos que na Bretaña hai¹⁸.


Fisterra, o seguinte dos catro puntos que arriba indicamos, é considerado como o lugar de partida da Ora Marítima por varios autores, con base no feito de se axustar con toda exactitude á descrición física que esta fai do promontorio. Máis adiante comprobaremos se tamén se axusta ás súas demais circunstancias.

En canto á cuarta e última proposición, a sostida por Antonio Blázquez y Delgado de Aguilera, que considera que era o cabo de San Vicente, en Portugal, o lugar onde o poema inicia a súa andadura, as características físicas deste, así como a súa orientación e demais peculiaridades fan que a opinión do señor Blázquez nos pareza a menos defendible de todas, polo que, con todos os respectos para o seu meritorio labor de investigación, preferimos deixala á parte.

O PROMONTORIO OESTRYMNIO

Para quen se tome a molestia de estudar todos os lugares que acabamos de comentar existe unha realidade incontrovertible. E esta é que, a pesar das razóns esgrimidas pola inmensa maioría dos autores que deste tema se ocuparon, en toda a fachada atlántica de Europa non existe ningún accidente que se axuste tanto á descrición que do Promontorio Oestrymnio nos transmitiu a Ora Marítima como os cabos Fisterra e Monte Louro.

Non temos máis que botarlles unha simple ollada. Fisterra é unha península pedreguenta, duns cinco quilómetros de longo, que se adentra no mar cara ao sur, “cara ao entebecido Noto”. E acada unha altura de 242 metros, o que lle confire a categoría de cabo prominente, de xeito especial se o comparamos coas demais identificacións que se viñeron propuxendo. Dende el pódense descubrir as bocas das Rías Baixas, que comezan ao seu pé, así como parte das illas que nelas hai, ata o



Parte final do cabo Fisterra, profundamente adentrado no mar, cara ao sur, cun cumio de 242 metros de altura, punto inicial do seno que contén as Rías Baixas, contemplado dende o leste.


Cabo Silleiro, ao sur. Estas illas, así como as penínsulas que separan as rías que, para quen navegue polo seu exterior e non se adentre nelas poderían ser tamén tomadas por illas, serían esas "illas *Oestrymnidas, vastamente espalladas*", das que o poema fala.

En canto ao Monte Louro, situado lixeiramente ao sudeste de Fis-

terra, ademais de ser case que rocha pura tamén, chega aos 241 metros de altitude e adéntrase uns 2 quilómetros cara ao sur.

Ambos accidentes atópanse, ademais, nas inmediacións das vetas estanníferas máis ricas de Europa¹⁹ que, espalladas principalmente polo arco atlántico de Galicia, adéntranse despois na provincia de Ourense. Unha riqueza esta da que tamén se ocuparon na antigüidade Diodoro Sículo, Posidonio, Strabón e o mesmo Caio Plinio Secundo, que o denomina "*plumbum album*"²⁰, –"chumbo branco"–, un autor que por ter exercido o cargo de "*procurator Asturiae et Gallaeciae*"²¹ no ano 73 dC, con residencia en Asturica Augusta²², tivo ocasión de acceder a informes de primeira man acerca desta cuestión.

Fisterra ou Montelouro, Montelouro ou Fisterra, atópanse, ademais, segundo tamén indica a Ora nos seus versos 108 ao 112, á distancia *dous soles para un barco*, tanto da *Illa Sagrada*²³, que cita, como da *illa dos albións*, próxima a ela. Porque, navegando de día, e segundo imos ter ocasión de comprobar máis abaixo, en dúas xornadas poderíanse cubrir algo máis de douscentos quilómetros, o que nos levaría aos lugares sacralizados situados en torno a San Andrés de Teixido, no cabo Ortegaleira, e a súa inmediata Estaca de Bares, onde se atopan, ademais do seu prehistórico porto no que apareceron moedas cartaxinesas, a antiquísima efíxie da Muller Mariña²⁴. Caso de que esta visión sexa correcta, a illa Sagrada, sobre a que se leva discutindo moito e algúns iden-



Monte Louro, visto dende Portosín, situado ao seu leste. O seu cumio chega aos 241 metros de altitude, e diríxese tamén cara ao sur. Mais, aínda que se atopa máis próximo que Fisterra á principal veta de estaño, a de Noia-Lousame, non é el senón este quen marca o comezo das Rías Baixas.

tifican con Irlanda, debería atoparse nas inmediacións dos indicados lugares, e a dos albións non lonxe dela.

Este é un dato moi importante xa que o mesmo Caio Plinio sabe que os albións vivían entre os galaicos lucenses²⁵, mentres que Claudio Ptolomeo, uns cen anos despois del, fainos chegar ata as beiras do río Navia²⁶, daquela o límite oriental dos indicados lucenses. Contamos, ademais, coa lauda sepulcral, de pizarrra, aparecida nas inmediacións da ría de Ribadeo, adicada a *Nicer, fillo de Clutoso, de setenta e cinco anos, príncipe dos albións*. Esta *illa dos albións* podería ser a Coelleira, ou calquera outra das que se atopan entre esta e a illa Pancha, en Ribadeo. Debemos de comentar tamén que, malia o xeral asentimento, así como ás posturas de bastantes investigadores de finais do século XIX e comezos do XX, na Gran Bretaña non houbo nunca ningunha xente, ou pobo, denominado dos *albións* que poida xustificar a identificación desta coa illa da que fala a Ora Marítima.

Sabidas estas circunstancias, e a partir da a descrición da que nos fai partícipes a Ora Marítima do sur de Escocia, do cabo Land's End, do occidente da Bretaña ou dos cabos Fisterra-Monte Louro, do que non pode caber ningunha dúbida é que para chegar ás Columnas de Hércules²⁷, e máis alá delas, sobre o que non pode caber ningunha dúbida, repetimos, é que a nave, ou naves, que fixeron o percorrido tiveron necesariamente que pasar fronte ás costas do Val Miñor, xa que naquel tempo a navegación era sempre de cabotaxe, sen perder de vista a terra, a non ser por circunstancias moi graves ou excepcionais.

Agora ben, para saber cando chegamos ao Val Miñor é evidente que deberemos saber antes de que xeito podemos situar con exactitude os accidentes que refire a Ora Marítima.

A este respecto esta ofrécenos tanto unhas descrições físicas bastante precisas dos mesmos, como as distancias que separan entre si aos principais. E estas distancias indícaas sempre en días de navegación. Do que vén resultar que se conseguimos establecer canto supuña para o autor esa medida poderemos situar con bastante exactitude os puntos aos que se refire.

Botando man da parte máis detallada e coñecida da Ora, a que media entre o Cabo de San Vicente e Marsella, atopámonos con estas dúas precisións:

—Das Columnas de Hércules a Pyrene²⁸ hai unha viaxe de sete días.

—De Pyrene a Theline²⁹ e Massilia hai, de nave, dous días e dúas noites.

Resulta bastante difícil calcular a distancia entre Pyrene e Massilia sobre a que se obtivo este último dato, pois hai que ter en conta que o viaxeiro tivoque remontar o Ródano ata Theline, e retornar despois dende esta ata o mar, xa que este río tiña entón varias bocas, algunhas delas moi diferentes das actuais. Inflúen así mesmo neste cálculo e na velocidade da embarcación tanto as mareas como a forza da corrente. De todos os xeitos, e como orientación, podemos apuntar que se a viaxe se fixese na actualidade por un dos brazos hoxe navegables do Ródano, a nave tería percorrido algo máis de 370 quilómetros neses dous días e dúas noites.

Moito máis preciso xa é o dato referido á viaxe entre as Columnas e Pyrene, para o que, nos versos 562 e 565, aparece a indicación de que *“hai unha viaxe de sete días para unha nave lixeira”*. A distancia entre os indicados puntos é duns 1.400 quilómetros, o que en sete días supón unha media de 200 cada vinte e catro horas.

Unha velocidade lixeiramente superior á anterior, xa que non foi influída pola marea nin polacorrente fluvial, e bastante importante para un tempo no que, segundo os informes cos que contamos, considerábase excelente un desprazamento duns 185 quilómetros diarios. Mais xa advirte Avieno que para cubrir este traxecto nos sete días que indica era necesaria unha *nave lixeira*.


Tendo en conta, pois, esta medida, retomemos agora o relato da Ora Marítima, a partir do verso 146, e traslademos os seus contidos ao mapa:

Volvendo de novo a aquilo do que falamos máis arriba, descúbrese un espacioso seno de extenso mar que chega á Ophiusa³⁰. Logo, dende esta parte da costa, ese mar que antes dizen que se introducía nas terras, ata o Mar Interior, que chaman Sardo, esténdense sete días de viaxe de retorno³¹.

Por outra parte, segundo se di, a Ophiusa ofrece tanta extensión como a illa de Pelops³², no territorio dos gregos. Foi chamada primeiro Oestrymnia, porque o seu territorio e os seus campos estaban habitados polos Oestrymnios. Logo numerosas serpentes escorrentaron aos seus habitantes e causaron a nova denominación da desocupada terra³³.

Nese lugar o monte de Venus avanza sobre o abismo. O mar retumba arredor de días illas, diante daqueles lugares, inhóspitas e pequenas. Inmediatamente despois érguese a prominencia do Aryo³⁴ contra o áspero setentrión. Dende aquí ata as Columnas do victorioso Hércules hai cinco días para as naves³⁵.

Tratemos, antes de nada, de identificar estes lugares, para o cal contamos con dous datos moi precisos. En primeiro lugar o que parece en último lugar. ¿Quecabo ou prominencia, dirixida ao norte, existe no Atlántico que, ademais, se atope á distancia de cinco días de navegación –mil quilómetros– do Estreito de Xibraltar? Soamente un: o Silleiro, bicudo e alto de 197 metros, erguéndose *contra o áspero setentrión*³⁶. Por se esta característica física súa e os datos case que cartográficos que a Ora nos ofrece para localizalo fosen poucos, esta tamén indica que nas súas proximidades –*rursum*– se atopaba o Monte de Venus, con dúas illas inhóspitas –ou inhabitables– e pequenas –ou inhabitables– e pequenas



A baía de Baiona contemplada dende a Grova. Na panorámica non se ve o cabo Silleiro, que queda fóra da mesma, á esquerda. Mais si se poden contemplar á dereita a foz do Miñor, ao fondo o Cabo Home e as illas Sias, no centro, Monte Ferro e as dúas Estelas diante daqueles lugares, inhóspitas –ou inhabitables– e pequenas.

–ou inhabitables– e pequenas diante. Pois ben, perto do Silleiro existen dous lugares que poderían corresponderse con esta descrición: o Cabo Home, coas illas Sias diante, e o Monte Ferro, onde se atopan as Estelas. Deles podemos dicir que as illas Sias non son pequenas, nin estaban deshabitadas no tempo da viaxe descrita na Ora, segundo nos demostra a arqueoloxía. Polo tanto, son o Monte Ferro e as súas cativas

acompañantes, as Estelas, os accidentes nela mencionados.

Mais contamos aínda cun dato adicional que confirma canto acabamos de dicir. E este atópase nos versos 171 ao 173, que se ocupan das terras situadas algo máis ao sur. Porque neles afirmase:


A partir de aquí xurde nos aires o promontorio da Ophiussa, e dende o monte Arvio a estes lugares cóntase unha navegación de dous días.

Dous días representan, segundo o cómputo que Avieno nos deu a coñecer, un desplazamento de catrocentos quilómetros. A esa distancia do cabo Silleiro –Arvio–, e coa exactitude que, como estamos a comprobar, adoita a Ora Marítima, atópase o Cabo da Roca, o punto máis occidental do continente, con 140 metros de altura, case que cortado a pino e rodeado de elevacións que sobrepasan os cincocentos.

Como tamén facilmente se pode deducir, se do Arvio –Silleiro– ás Columnas, se contaban cinco días de viaxe, e do Arvio ao Ophiussa –Roca– dous, dende este ás Columnas tiña que haber tres días. Está na man de calquera comprobar que, efectivamente, se miden seiscentos quilómetros de distancia entre estes dous puntos, o que confirma tanto este dato como as demais localizacións xeográficas tomando como base a velocidade que para o tramo Columnas-Pyrene nos ofrece a Ora.

Este cabo Ophiussa, acerca de cuxa situación parece estar todo o mundo de acordo, permítenos, ademais, unha nova e importante argumentación. Lembremos a este respecto que o poema nos informa de que este foi o nome que recibiu o país que antes ocuparan os Oestrymnios, ata o momento no que, a causa dunha invasión de serpentes, ou máis ben, da chegada a el do pobo dos Saefes, tiveron que abandonalo. E vimos tamén como, segundo os datos que se nos ofrecen, esta Ophiussa comezaba precisamente no Val Miñor, determinado polo cabo Silleiro e o Monte Ferro, promontorio Arvio e Monte de Venus, respectivamente, marxe meridional da ría viguesa. O propio poema ofrécenos datos bastante obxectivos que nos permiten estimar que este territorio de nova denominación debeu de chegar bastante ao sur –*tanta extensión como a illa de Pelops*–, quizais ata o Algarve actual ou, cando menos, ata as inmediacións de Lisboa, pois alí se atopaba un promontorio que levaba o seu mesmo nome, o de Ophiussa. Cambios estes acontecidos con anterioridade á realización da viaxe que recolle a Ora, xa que esta citaos en pasado.

Resulta tamén evidente que se esta Ophiussa se atopaba en torno a un promontorio que levaba a súa mesma denominación, aínda que antes fora chamado Oestrymnia, e situado no oeste da península Ibérica, tratar de localizar a Oestrymnia




Reproducción facsimilar dunha parte da editio princeps da Ora Marítima de 1488, facilitada pola Biblioteca Angelica de Roma. Como se pode observar, o sexto verso, que se corresponde co 151 do poema, di *Septem dierum tenditur reditu viae*, "esténdense sete días de viaxe de retorno", en referencia á navegación que estaba a describir, non de "viaxe a pé", ou "para o camiñante" como se tratou, e trata aínda, de facer crer.

no Land's End, ou na Bretaña, como propoñen bastantes investigadores, resulta un tanto desconcertante.

Por outra banda, se a lectura da Ora Marítima que acabamos de facer é correcta, o feito de que esta siga a denominar Promontorio Oestrymnio, Seno Oestrymni e illas Oestrymnidas ás terras situadas ao norte do Silleiro, parece un sinal inequívoco de que non todos os Oestrymnios deberon de fuxir á chegada dos Saefes, nin que perderon a súa terra, senón que isto nada máis que lle debeu de acontecer a unha parte deles, os que vivían ao sur da ría viguesa.

Podemos resumir, pois, estas referencias ao Val Miñor dicindo que a Ora Marítima sabe que arredor do ano 580 aC o cabo Silleiro e o Monte Ferro, extre-



Reconstrución cartográfica dos contidos da Ora Marítima referidos a Galicia.

mas marítimas da nosa xeografía, recibían as denominacións de Promontorio Aryio, ou Arvio, e Monte de Venus, respectivamente, ou as súas equivalencias na fala nativa. Indícanos, así mesmo, que con anterioridade o territorio no que estes se atopaban formara parte da Oestrymnia, ata que, tamén con anterioridade, e coa chegada dos Saefes, tal territorio, ou unha parte del, pasou a se denominar Ophiussa, país que chegaba, polo menos, ata o cabo da Roca, xa que tal era o nome grego co que entón era este coñecido.

NOTAS

- 1 O presente traballo non é máis que un epitome, ou sinopse, dunha parte da Tese de Doutoramento do seu autor, titulada "A fachada atlántica europea a través da Ora Marítima de Rufius Festus Avienus".
- 2 José Calderón Felices, en Avieno (2001), páxs. 29-30.
O manuscrito do que foron tomadas estas obras perdeuse despois desta publicación, polo que a edición de Victor Pisanus, aínda coas pequenas deficiencias que nela se observan, converteuse no único medio para estudalas.
- 3 José Ribeiro Ferreira (1992) traduce, moi acertadamente, "Ora" por "Orla", mentres que outros autores defenden, tamén acertadamente, o seu significado de "Contorno". Entender que "Ora" ten nada máis que o significado de "Costas", que apoian algúns, parécenos algo menos axeitado, dados os seus contidos. Agora ben, tendo en conta a dilatada vixencia do termo "Ora" nos traballos de investigación dos últimos cincocentos anos, preferimos manter aquí esta expresión orixinal.
- 4 Este Mar Táurico atopábase nas inmediacións da actual península de Crimea.
- 5 José Ribeiro Ferreira (1992), pág. 9.
- 6 A. Berthelot (1934), passim.
- 7 (Versos 90 a 98):

Et prominentis hic iugi surgit caput
(Oestrymni istud dixit acuum antiquius).
Molesque celsa saxei fastigii
Tota in tepentem maxime uergit notum.
Sub huius autem prominentis uertice

Sinus dehiscit incolis Oestrymninus.
 In quo insulae sese exerunt Oestrymnides.
 Laxe iacentes, et metallo diuites
 Stanni atque plumbi.

–O Noto, cara ao que se vira este accidente. é o sur.

- 8 Pilot, Gilbert (1972), páxs. 171, 172 e 255.
- 9 Giot, Pierre-Roland (1962), páxs. 227 e 228.–(1995), páxs. 28, 29, 30 e 189.
- 10 Giot, Pierre-Roland, et alii. (1995), páxs. 215 e 374.
- 11 González Ponce, F.J. (1995), pág. 116.
- 12 César (1996): Guerra de las Galias, II, 34 e III, 9, 10.
- 13 *Geographiká*, I, 4, 5.
- 14 *Chorografía*, III, 23 e III, 48.–III, 18 e III, 40
- 15 *Naturalis Historia*, IV, 107.
- 16 II, 8.1. e Germaine Aujac (1998), “*Tertia Europea*”.
- 17 Cunliffe, Barry (2001), pág. 304.–Especialmente se temos en conta que Strabón, en IV, 6, 8, danos conta da existencia tamén duns estións próximos aos nóricos, na actual Austria.
- 18 J.J. de Jáuregui (1952), páxs. 22-23.–J.C. Sierra Rodríguez (1978), páxs. 19-23, 36 e ss.–A. Schulten (1958-59), pág. 291.–Barry Cunliffe (2001), páxs.303, 304, 306.–Oxford Classical Dictionary (1996), páxs. 50-51.
- 19 *Naturalis Historia*, XXXIV, 156 e 157.
- 20 Juan Santos Yanguas (1978): “*Historia de Asturias*”. Vol. I, pág. 163.
- 21 A actual Astorga.
- 22 Entendemos que *dous soles* é unha expresión distinta á de “*dous días de navegación*”, xa que esta expresión está medida, en toda a Ora, sobre singraduras de vinte e catro horas, mentres que a alusión a estes *soles* obriga a pensar nunha indicación de “*navegando só de día*”.
- 23 Ramón Bascoy Pérez (1954-63), *passim*.
 Federico Maciñeira y Pardo de Lama(1947), *passim*.
- 24 *Naturalis Historia*, IV, 111.
- 25 *Geographike hyphegesis*, II, 5.
- 26 Hoxe o Estreito de Gibraltar.
- 27 Esta cidade estaba situada no extremo do Pirineo, aproximadamente no cabo de Creus, en Girona.
- 28 A vila grega de Thelina correspóndese coa actual Arles, augas arriba do Ródano.
- 29 Versos 146 a 157. Avieno retorna aquí ao golfo que se abre baixo o Promontorio Oestrymnio, o seno que contén as Rías Baixas, segundo entendemos nós, que chega ao territorio, que, dende elas, se espalla cara ao sur e denominábase Ophiusa É dicir, ao sur da ría viguesa. O seno, entre Fisterra e o cabo Silleiro, mide uns 90 quilómetros de longo, por unha media duns 25 de ancho. Quizais sorprenda a expresión de “*espacioso seno de extenso mar*”, que para el aplica a Ora, aínda que tamén foi descrito de xeito ata certo punto semellante por Pomponio Mella en III, 9. Mais xa non o será tanto se temos en conta que, no verso 455, a Ora denomina *inmensa* ao Mar Menor, en Murcia, cuxas dimensións son catro ou cinco veces máis reducidas que o golfo das Rías Baixas, ou a de “*unha grande masa de considerable mar*” –versos 578-82–, coa que describe o pequeno golfo de Narbona, no sur de Francia, semellante ao Mar Menor en tamaño.
- 30 O Mar Interior é o Mediterráneo, mentres que o Mar Sardo foi a denominación coa que, cara ao ano 450 aC. –Heródoto, I, 166– se coñecía a parte do mesmo situada ao occidente da illa de Sardaña. Cen anos despois, segundo Éforo, esta expresión chegaba xa ao sueste da Península, e, posteriormente fíxoo ata o mesmo Estreito de Gibraltar –A. Schulten (1958-59), II, pág. 126– Nesas sete días, navegando 200 quilómetros por xornada, a partir de Fisterra podía acadar sen esforzo o actual cabo de Gata, en Almería, o límite sur da ribeira oriental peninsular, e, dende o Silleiro, o de Palos, en Murcia. En canto á expresión “viaxe de retorno” –*reditu viae*– parece indicar que o navegante non debeu de sobreparar o promontorio Oestrymnio, e que iniciou dende el a volta, polo que é posible que recollese de oídas os datos relativos á illa Sagrada e á dos albións, situadas máis ao norte.
 Nun intento de manter na Bretaña, ou no Land’s End, o punto de partida da Ora Marítima, unha grande parte dos investigadores, nunha actuación marcadamente acientífica, mudou o seu verso 151, facéndoo dicir *pediti via* –“camiño para o viandante”–, en lugar

- do "*reditu niae*", que figuraba no poema. Dado que era absolutamente imposible chegar neses sete días, en barco, dende o Golfo de Gascuña ao mar Sardo, solucionaban a cuestión substituíndo esta viaxe por outra, por terra, e dacobalo, dende Gascuña ao Golfo de Lyon, no sur de Francia, que tamén se atopaba no mar Sardo (Fig.7).
- 31 Esta illa de Pelops, é a Península do Peloponeso, no sur de Grecia. A súa "extensión", segundo os conceptos actuais é de 21.439 km². Mais, na antigüidade, o grandor dunha terra, medíase polo tempo que se invertía en navegala.
- 32 Ophiusa é unha denominación grega que se podería traducir como "terra de serpentes", ou, máis correctamente aínda, como "terra dos saefes", o pobo que, nos versos 195 a 200, aparece situado na propia Ophiusa, e que, etimoloxicamente, significa tamén *serpente*.
- 33 No verso 172, este accidente aparece citado como Aruio. Así mesmo, Claudio Ptolomeo, séculos máis tarde, sitúa no Silleiro o seu Promontorio Orvío. 34 Ver-
sos 158 ao 164.
- 35 Os diferentes informes que acerca del existen, así como determinadas inscricións atopadas tanto en Roma como en Atenas e en Bulla Regia, esta ás beiras do actual río Meyerdá, na Tunicia, ofrecen pequenas variantes para o seu nome, que en realidade podería ser o de *Postumius Rufius Festus Avienius, Abienus, ou Avienus*, sendo esta última a versión máis coñecida e aceptada.
- 36 José Ribeiro Ferreira (1992) traduce, moi acertadamente, "Ora" por "Orla", mentres que outros autores defenden, tamén acertadamente, o seu significado de "Contorno". Entender que "Ora" ten nada máis que o significado de "Costas", que apoian algúns, parécenos algo menos axeitado, dados os seus contidos. Agora ben, tendo en conta a dilatada vixencia do termo "Ora" nos traballos de investigación dos últimos cincocentos anos, preferimos manter aquí esta expresión orixinal.

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO ROMERO, Fernando (1976): *Relaciones Atlánticas Prehistóricas entre Galicia y las Islas Británicas*. Vigo.
- AVIENO, Rufo Festo (2001): *Fenómenos. Descripción del Orbe Terrestre. Costas Marinas*. Gredos. Madrid.
- BALBOA SALGADO, Antonio (1992): *Rufo Festo Avieno y su Ora Marítima: Consideraciones acerca de un sujeto y un objeto*. En "Gallaecia" núm. 13, páxs. 369-98. (1996): *Gallaecia nas fontes clásicas*. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.
- BASCOY PÉREZ, Ramón (1954-63): *La Comarca del Ortegal en el II Milenio antes de Jesucristo*. 5 vols. Ortigueira.
- BERTHELOT, A. (1934): *Festus Avienus: Ora Marítima*. Librairie Ancienne Honoré Champion. París.
- BLÁZQUEZ Y DELGADO-AGUILERA, Antonio (1924): *Ora Marítima*. Real Sociedad Geográfica. Madrid.
- CÉSAR (1996): *Guerra de las Galias*. Gredos Bilingüe. Madrid.
- CHÉDEVILLE, André (1997): *Histoire de la Bretagne*. Éditions Ouest-France. Rennes.
- COLLINS, Roland (2000): *Cornwall*. Apa Publications. London.
- COMENDADOR REY, Beatriz (1998): *Los inicios de la Metalúrgica en el Noroeste de la Península Ibérica*. Museo Arqueológico e Histórico. A Coruña.
- CUEVILLAS, Florentino López (1953): *La civilización céltica en Galicia*. Porto y C^a. Santiago de Compostela.
- CUEVILLAS, Florentino L. e Fermín BOUZA BREY (1929): *Os Oestrinnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galiza*. Nós. A Cruña. Facsímil Instituto de Estudios Galegos "Padre Sarmiento". Santiago Compostela, 1992.
- CUNLIFFE, Barry (2001): *Facing the Ocean*. Oxford University Press. Glasgow.
- DIODORO DE SICILIA (1995): *Biblioteca Histórica*. Introducción Libros I-II. Coordinador Jesús Lens Tuero. Ed. Clásicas. Madrid.

- (2001): *Biblioteca Histórica*. Libros I-III. Edición de Francisco Parreu Alasá. Gredos. Madrid.
- (2004): *Biblioteca Histórica*. IV-VIII. Ed. Juan José Torres Esbarranch. Gredos. Madrid.
- ESTRABÓN: (1980) *Geografía. Prolegómenos*. Aguilar. Madrid.
- (1991-2001): *Geografía*, Libros I-II, III-IV, V-VII, e XIII. X. J. García Blanco, J.L. García Ramón, José Vela Tejada, Jesús Gracia Artal e Juan José Torres Esbarranch. Gredos. Madrid.
- GARCÍA Y BELLIDO, Antonio (1947): *La España del siglo primero de nuestra Era, según P. Mela y C. Plinio*. Espasa-Calpe. Madrid. (1993): *España y los españoles hace dos mil años, según la Geografía de Strabón*. Edición M^a Paz García-Bellido. Espasa-Calpe. 10^a edición. Madrid.
- GIOT, Pierre-Roland (1957): *Bretaña*. Barcelona.
- GIOT, Pierre-Roland, et alii (1995): *Protohistoire de la Bretagne*. Editions Ouest-France. Rennes.
- GONZÁLEZ PONCE, Francisco José (1995): *Avieno y el Periplo*. Gráficas Sol. Écija.
- HALPIN, Joanna (1981): *Cornwall*, Great Britain.
- HERODOTO DE HALICARNASO (1985-92): *Historia*. 5 vols. Ed. Gredos. Madrid.
- HÜBNER, Emilio (1902): *Galicia Histórica y Prehistórica*. En "Boletín de la Real Academia de la Historia". Madrid.
- JÁUREGUI, Juan José de (1952): La carrera del estaño en "*La Ora Marítima*" de Avieno. Instituto Histórico de Marina. Madrid.
- MACIÑEIRA Y PARDO DE LAMA, Federico (1947): *Bares, puerto hispánico de la primitiva navegación occidental*. Inst. P. Sarmiento. Santiago de Compostela.
- MANGAS, J. e D. PLÁCIDO (1994): *Avieno: Ora Marítima. Descriptio Orbis Terrae. Phaenomena*. Ediciones Historia 2000. Madrid.
- MARTINS SARMENTO, F. (1896): *Ora Marítima*. Typografía de Antonio J. da Silva. Porto.
- MURPHY, J.P. (1977): *Rufus Festus Avienus. Ora Marítima*. Ares Publishers, Inc. Chicago.
- PILLOT, Gilbert (1972): *El Código Secreto de la Odisea*. 2^a ed. Plaza & Janés. Barcelona.
- POMPONIO MELA (1989): *Corografía*. Edición de Carmen Guzmán Arias. Universidad de Murcia.
- PLINIO EL VIEJO (1995 e 1998): *Historia Natural*. Libros I ao VI. Gredos. Madrid.
- RIBEIRO FERREIRA, José (1992): *Avieno, Ora Marítima*. Instituto Nacional de Investigação Científica. Coimbra.
- ROMERO MASIA, Ana M^a e Xosé M. POSSE MESURA (1988): *Galicia nos Textos Clásicos*. Museu Arqueolóxico Provincial. A Coruña.
- SCHULTEN, Adolf (1925): Fascículo II "Fontes Hispaniae Antiquae", con P. Bosch Gimpera. Universidad de Barcelona. Barcelona. (1945): *Tartessos*. 2^a Edic. Espasa-Calpe. Madrid. (1955): *Ora Marítima*. Fascículo I de "Fontes Hispaniae Antiquae". Univ. Barcelona. Lib. Bosch. Barcelona. (1958-59): *Geografía y Etnografía antiguas de la Península Ibérica*. 2 Vols. Madrid.
- SIERRA RODRÍGUEZ, José Carlos (1978): *Sobre la tecnología del bronce Final en los Talleres del Noroeste Hispánico*. Departamento de Prehistoria y Arqueología. Universidad
- VARIOS AUTORES:
- (Sen data): *Land's End, Cornwall*. Beric Tempest. St. Ives.
- (1974-75): *Histoire de la Bretagne et des Pays Celtiques*. II vols. Skol Vreiz. Rennes.
- (1979): *Naissance d'une ville: Marseille*. Édisud. Aix-en-Provence.
- (1983) *Arqueologia en Catalunya*. Departament de Cultura de la Generalitat de Catalunya. Barcelona.
- (1995): *Sur les pas des Grecs en Occident*. Études Massaliètes. Editons Errance-Adam. Paris.
- (1996): *Relatos de viajes en la literatura griega antigua*. Alianza. Madrid.
- WHITFIELD (1992): H.J.: *Scilly and its Legends*. Llanerch Publishers, Felinfach (Facsimile da edición London 1852).

VILLALBA I VARNEDA, Pere (1986): *Ruf Fest Aviè. Periple. (Ora Marítima)*. Fundació Bernat Metge. Barcelona.

VILLAR, Francisco (1995): *Estudios de celtibérico y de toponimia prerromana*. Universidad de Salamanca.